

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS SECUNDARIA – CURSO 2024/25

Co obxecto de poder cuantificar as actividades de avaliación propostas consideramos que, sobre un 100 %, cada una das actividades propostas representará na avaliación parcial e final o seguinte:

- observación directa: 10 %

Valorarase moi positivamente a realización das tarefas propostas, así como a participación nas actividades da clase e o esforzo por comunicarse en lingua inglesa. Ademais será imprescindible ter unha boa actitude e ser respectuoso cos compañeiros e o profesor.

- Traballos e proxectos : 20 %

Proporánselles distintos tipos de traballos , tanto individuais como grupais : presentacións, roleplays, elaboración de posters, vídeos, etc

- Probas obxectivas: 70 %

En cada trimestre faráanse , a lo menos, dúas probas obxectivas . Na de fin de trimestre avaliaráanse todos os contidos dese trimestre, polo que esa proba terá un maior peso (50%) Farase tamén unha proba obxectiva sobre o libro de lectura acordado en cada trimestre. Esta proba terá o mesmo peso que o resto de probas escritas ( agás a proba do fin de trimestre )

Considerarase que un alumno ten aprobada unha avaliación cando a nota obtida despois de aplicar as porcentaxes sexa igual ou superior a 5.

A avaliación final resultará da observación dos tres trimestres. A cada un deles adxudicáraselle un valor, tendo sempre máis importancia o terceiro trimestre por tratarse dunha avaliación continua

Primeiro trimestre: (30%)

Segundo trimestre: (30%)

Terceiro trimestre: (40%)

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro **e/ou no segundo** trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 **nun trimestre posterior**, sen necesidade de repetir probas. **A nota do período recuperado será a obtida naquel coa que se recupera.**

Ós alumnos con maior dificultade para superar a materia proporáselles actividades de reforzo para alcanzar os mínimos esixibles e poderán facer probas obxectivas adaptadas a eses mínimos, facendo un seguimento personalizado de cada alumno.

#### RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE:

Proporcionaráselles fichas de recuperación que deberán facer na casa , pero poderán preguntar dúbidas ou aclaracións en calquer momento ó profesor, quen estará sempre disposto a atender ós alumnos e consensuar con eles o mellor momento para a súa atención. Faráselles unha proba escrita en cada trimestre sobre os contidos traballados nas fichas. Deste xeito a porcentaxe da avaliación será a seguinte:

Proba escrita: 60%

Caderno de actividades: 40%